



GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA FEBREIRO 2025 **#200**

2000

Exemplar gratuito

**200 números.
200 meses de información cultural
e cariño polo noso.
Grazas!**

Xoán Rubia

Nos últimos tempos Xoán Rubia colleulle gusto á escrita. O cantautor mugardés publicou as súas memorias musicais, as súas reflexións sobre a pandemia e agora regresa con “O practicante rural” (Galaxia). Trátase dun volume no que narra a evolución da sanidade pública e a súa experiencia nela. Preséntase este mes no Centro Torrente Ballester.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Como nace este traballo, “O practicante rural”?

SS. Logo de publicar “Pasaba por aí”, os meus recordos no mundo da música, había quen me falaba da miña biografía, pero en realidade o meu traballo foi a sanidade e cantar foi unha válvula de escape.

Ademais no libro separo esta faceta da musical, con alusións mínimas a Andrés Bobarro ou aos anos de Santiago.

Aí. O libro está escrito en terceira persoa, o protagonista é un tal Xoán pero aparecen un par de referencias ás cancións de Xoán Rubia. É un xogo?

XR. Sí, un xogo literario. Nun primeiro momento non tiña claro se cambiar os nomes de todos os protagonistas pero a ser unhas memorias pensei que non debía facelo. Non entanto a historia do Xoán protagonista, ao narralo en terceira persoa, fíxoseme máis cómodo, como unha mirada desde fóra.

Aí. Que ten de especial a sanidade rural?

XR. É o primeiro elo da cadea da sanidade pública antes de chegar ao hospital, e é un mundo do que se descoñece. Cando comecei nos anos 70 un sentíase moi só, tiñas que ir

atopando solucións cada vez que aparecían os problemas. Tiñas que usar o teu coche, mercar o teu equipo ou atender aos pacientes no teu domicilio! Alguén imaxina a un empregado de banca levando a computadora cada día á oficina?

Aí. No libro narras o cambio positivo que houbo cos anos.

XR. Si, sobre todo coa aparición dos centros de saúde, de atención primaria. Pero tamén sucedidos como que os había construídos pero ata pasado moito tempo non se inauguraban oficialmente cando as autoridades se dignasen a facelo. E nós agardando...

Aí. Tamén contas moitas anécdotas. Hainas duras pero tamén divertidas como a do chimpancé.

XR. O animal estaba nun circo en Melide e estaba deshidratado. Nunca imaxinei que lle acabaría buscando a vea e poñendo soro a un mono! Si, outra foi a daquela traballadora dun club de alterne que veu poñer unha inxección e cando lle mandei baixar un pouco o vestido para cravarlle a agulla espiouse totalmente, pero con

naturalidade, non lle custou. Logo hai cousas curiosas nas que se ve a evolución do mundo rural, como aquel neno a quen estaba a atender na súa casa e de súpeto dunha habitación asomou a cabeza unha vaca que vivía coa familia!

Aí. No libro falas tamén das diferencias entre os pobos de costa e os do interior.

XR. Nos do interior a xente tiña máis calma e cando visitaban o centro de saúde era porque o necesitaban e iso é bo. Agora ben, na Galicia interior tamén vin o que eran os caciques. Na costa, a xente esixe máis e son máis conscientes dos seus dereitos, aínda que non sempre das súas obrigas.

Aí. O escrito é tamén unha reivindicación da sanidade pública. Que habería que facer para conservala?

XR. Sería importante non abusar dela, non ir a urxencias cada vez que se ten un problema. A min me teñen aparecido na consulta rapaces por unha derrapaxe na bici e sen unha soa ferida, e iso non pode ser. Necesitamos a sanidade pública, protexela e usala cando se necesita de verdade.



Aí. Es moi crítico co intento de facer negocio coa saúde, esa ameaza que xa campa en lugares como Madrid.

XR. A pesar dos problemas a sanidade pública foi mellorando no noso país pero aí está ameaza de mutuas, seguros privados cando a atención universal supón que calquera humano ten dereito a ser atendido. Coñezo de primeira man o que pasa en países como Estados Unidos e se implantan aquí un modelo así o que nos queda é a pura beneficencia.

Aí. Outro punto que destacas no libro e o da boa atención aos pacientes, o trato humanista.

“A SANIDADE FOI O MEU TRABALLO E CANTAR, UNHA VÁLVULA DE ESCAPE”

XR. Hai xente moi soa que, incluso máis que poñerlle unha inxección ou curarlle unha ferida, necesita ser escoitada. Recordo casos de avoas falándome dos seus netos con problemas, ou a historia dunha señora que reviviu cando nos puxemos a recitar a Rosalía de

Castro. Foi algo animicamente mellor que un tratamento. Esas cousas dan sentido ao noso traballo.

Aí. E das experiencias máis duras das vividas?

XR. Pois mira, como profesional que temos un traballo no que non hai marxe para errar. Todos somos humanos e cometemos erros, aínda que non teñan consecuencias graves, e aínda así hai quen te retira o saúdo. Iso doe.

Aí. Xa está consolidada a faceta de Xoán Rubia como escritor?

XR. Creo que si, publique ou non sigo a escribir aínda que sexan as batallitas do avó. Éche moi divertido.

PROGRAMACIÓN
2025

Veñ
pazo

FEBREIRO

S **01** 19:00 HORAS

GALA YOUTUBEIRAS +
CONCELLO DE NARÓN

FACHENDA AO CADRADO

D **02** 18:00 HORAS

INFANTIL
GALITON

ROSALÍA A PULGA QUE ESCRIBÍA

S **08** 20:00 HORAS

TEATRO MUSICAL
DESIRÉ PILLADO E BEA GARCÍA

MANGORETÉ

S **15** 20:00 HORAS

DRAMA
TEATRO DO NOROESTE

GUERRA

S **22** 20:00 HORAS

ÓPERA
ALMAMAHLER

RIGOLETTO



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

07 venres

21.00 H

ARA MALIKIAN**Música**

AUDITORIO DE FERROL

ENTRADAS ESGOTADAS

**ARA MALIKIAN PRESENTA "INTRUSO", O SEU NOVO SHOW, ACOMPAÑADO DUN PODEROSO CUARTETO DE VIRTUOSOS CUBANOS.**

O violinista español de orixe libanesa conta no seu novo espectáculo que "no Líbano non me consideraban suficientemente libanés porque era de orixe armenia, os armenios non me consideraban o bastante armenio porque nacín no Líbano; e cando vin a Europa... Custoume anos aceptar ser o eterno "intruso" e abrazar a riqueza da miña identidade multicultural. Afeito a dar máis de 200 concertos cada ano, a súa intención como instrumentista non é adaptarse ao estilo de sitio ningún, senón aportar a súa propia voz e a súa visión da música sen pedir desculpas por ser diferente.

08 sábado

13:30 H

SU GARRIDO POMBO**Música**

SALA GUIÓN (PONTEDEUME)

8 €

UNHA DAS CANTAUTORAS MÁIS INTERESANTES DO PAÍS EN SESIÓN VERMÚ

Su Garrido Pombo leva gañado xa dous Premios Martín Códax co seu moi diverso estilo musical. Acompañada das súas guitarras, a súa pandeireta e os seus pedais de efectos ofrecerá un concerto inesquecible.

08 sábado

20.00 H

MANGORETÉ**Teatro musical**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €

**DÚAS AZAFATAS CHEGADAS DOUTRO PLANETA CONVIDAN AO PÚBLICO A MUDAR AS SÚAS VIDAS A CAMBIO DUN "CHISQUIÑO" DA SÚA LIBERDADE.**

Neste musical cheo de humor ácido dúas azafatas chegadas de "Mangoreté" falan de adiccións, emigración, política ou machismo nun espectáculo que combina danza, música e improvisación. Escrita e interpretada por Desiré Pillado e Bea García, a peza é unha sátira sobre a sociedade actual artellada con múltiples elementos de atrezzo que interactuarán co público, pezas audiovisuais de propaganda deste magnífico pero autoritario planeta de destino ou interaccións directas das nosas azafafas cos "pasaxeiros". Un dos puntos fortes da obra é a ambientación baseada nos canons da sociedade e na propaganda de mediados de século XX e a música en directo da Big Band do Obradoiro de Música Moderna Carlos Barruso que dirixe Rubén Servide, que participa activamente en grande parte dos sketches.

13 xoves

19.30 H

MENTIRAS, MALDITAS MENTIRAS E ESTATÍSTICAS

Conferencia

CASA DA CULTURA (FENE)

GRATUÍTO

O CICLO “CONTANDO CIENCIA” DA A PALABRA A ROCÍO CRUJEIRAS, CATEDRÁTICA DE ESTATÍSTICA DA USC.

Nunha sociedade “datificada”, cada vez é máis preciso contar coas ferramentas que nos proporciona a estatística para transformar os datos en información. Mágoa que ás veces estas ferramentas se empreguen de xeito errado... e que a cidadanía non sexamos quen de interpretar os resultados de xeito crítico. A Crujeiras presentará contextos nos que a estatística está presente aínda que non o imaxinamos.

15 sábado

20.00 H

GUERRA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €

TEATRO DO NOROESTE PON EN ESCENA “GUERRA”, UN TEXTO DE EDUARDO ALONSO NO QUE EL MESMO DIRIXE A MIGUEL PERNAS, LUMA GÓMEZ, MAXO BARJAS, MANUELA VARELA, SABELA HERMIDA E XAVIER ESTÉVEZ.

Nun edificio teatral, totalmente destruído por un bombardeo nunha guerra desatada no corazón de Europa, comezan a aparecer os personaxes do teatro universal que nel se representaron ao longo do tempo, encarnados en dous actores e catro actrices. As innumerables referencias ás guerras no teatro europeo, desde Shakespeare ata Lorca asolagan a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución.

15 sábado

20.30 H

ALMA EN CUBA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €



O PIANISTA IVÁN “MELON” LEWIS, GAÑADOR DUN GRAMMY, E O SAXOFONISTA ARIEL BRÍNGUEZ PRESENTAN O SEU NOVO ESPECTÁCULO EN HOMENAXE Á SÚA TERRA NATAL.

Unha celebración da esencia da música de concerto e o jazz mediante a fusión de elementos contemporáneos coa herdanza musical de extremo lirismo da Illa de Cuba. Ambos os dous músicos aportan elegancia e modernidade a un encontro do onte, o hoxe e o mañá onde teñen cabida desde o danzón e a contradanza ao son montuno, o jazz e a música clásica europea.

15 sábado

22.00 H

RUXE RUXE**Música**

FUNDAÇOM ARTABRIA (FERROL)

10 €



A BANDA REFERENTE DO ROCK GALEGO, Á MARXE DAS MODAS E DO POLITICAMENTE CORRECTO PRESENTA "XABRAL", O SEU NOVO DISCO.

Ruxe Ruxe é unha desas bandas que atesouran o bo facer cando máis se precisa. Tras 28 anos de carreira presentan "Xabral", disco deste mesmo mes no que tamén ten parte a figura de Shane McGowan, mítico músico de The Pogues, banda fetiche para os Ruxe Ruxe. Co espírito de loita por bandeira, do rock do país, do rock libre e de combate, do realismo máxico e do corpo a corpo sincero, directo e emocional, a esencia do ADN dos Ruxe Ruxe queda patente en cada disco editado e en cada concerto: "Ser de aquí e dun tempo" que diría Celso Emilio Ferreiro,

21 venres

20:30 H

ELEFANTES**Música**

AUDITORIO CINE ALOVI (AS PONTES)

10 €

A EMBLEMÁTICA BANDA CELEBRA TRES DÉCADAS DE TRAXECTORIA MUSICAL NESTA XIRA

Renovadores da canción española, Elefantes soubo crear unha identidade sonora única, fusionando pop, flamenco, canción melódica e rock. Os seus concertos son unha mestura de emoción, intensidade e elegancia.

22 sábado

19.30 H

LOS NEGATIVOS**Música + cine**

ESCOLA INDIANA DE LIMODRE (FENE))

12 €



HOMENAXE AO GRUPO BARCELONÉS COA PRESENZA DO SEU COMPOSITOR, CARLES ESTRADA, QUE ACTUARÁ CON ESPINO.

A asociación cultural Felicia organiza este acto de homenaxe ao grupo barcelonés Los Negativos que desde o seu debut en 1986 co cenital disco "Piknik caleidoscópico" foi un referente para novas xeracións de amantes do pop de guitarras e psicodelia no ronsel dos Beatles, Byrds e Kinks. Proxectarase por vez primeira fóra de Cataluña o documental sobre a banda "Graduados en Underground", dirixido por Víctor Carrey e producido por Fernando Campillo, que estará no acto. Polo filme desfilan Miqui Puig, Loquillo, Brighton 64 ou Sex Museum. Asemade asistirá o cantante e compositor orixinal de Los Negativos Carles Estrada quen, trala proxección, actuará no escenario do local acompañado pola banda Espiño. Alí interpretarán unha decena das cancións máis representativas do grupo como "Viaje al norte" ou "Bagdad", entre outras. Para pechar a velada a xornada completárase coa actuación da banda eumesa Invulakra2.

22 sábado 18.30 H

MOLTO BARROCO

Teatro familiar

AUDITORIO DE CEDEIRA



COMICIDADE E ERUDICIÓN SE COMBINA NESTE PROXECTO TEATRAL E MUSICAL SOBRE A MÚSICA BARROCA.

A compañía Píscore interpreta en escena pezas clásicas que, por momentos, adquirirán un ton contemporáneo grazas ao xogo escénico, o que fará gozar ao público máis novo. Ao tempo, a obra reivindica a obra das mulleres compositoras, tan inxustamente tratadas na historia da música.

22 sábado 19.30 H

RIGOLETTO

Ópera

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

35 €



A COMPAÑÍA DE ÓPERA ALMAMAHLEH PRODUCTIONS PON EN ESCENA O "RIGOLETTO" DE GIUSEPPE VERDI, UNHA DAS OBRAS MÁIS POPULARES E REPRESENTADAS NO MUNDO.

Estreada en 1851 en La Fenice (e dous anos despois no que hoxe é a Royal Opera House de Londres), contan os historiadores que a popularísima aria "La donna è mobile" cantábase pola rúas de Venecia ao día seguinte da estrea. Verdi creía na súa obra. Non facilitou a partitura ao tenor Rafaele Mirate ata uns poucos días antes da estrea e obrigouno a xurar que non cantaría en público nin silbaría a melodía da aria ata o gran día.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

ALMA EN CUBA

IVÁN "MELON" LEWIS / ARIEL BRÍNGUEZ

15 DE FEBREIRO | 20:30 H | TEATRO JOFRE



Ataquilla

Kairos
MUSIC

embora
productions

FERROL

XUNTA
DE GALICIA

galicia

Xabier Díaz

Músico

“Aí está de aniversario, veñan



1000 páxinas máis para para a revista! Medre a cultura en Ferrolterra, unha aperta e parabéns polo voso traballo”

Xurxo Soulo

Músico e animador cultural



“Como Aquiles acadou a gloria porque Homero cantou as súas fazañas, AÍ existe para que vibre en plenitude o universo Ferrol. Nunca máis seremos invisibles! Medre o talento! Medre a luz de AÍ!”

Paula Carballeira

Premio Nacional de Teatro



“Ás veces os números pares parecen ter menos forza que os impares, por máis que sexan centos. 100 anos é un século, 500, medio milenio, e 300 eran os guerreiros de Esparta que protexeron a retirada dos seus compañeiros, pero, para persoas coma min, que nos dedicamos ás artes escénicas, os 200 números da revista “AÍ!” teñen algo épico, de loita continua, de cubrirmos as costas, de termar e facernos visibles. Moitas grazas e moitos parabéns!!!! A por outros 200!!!!”

Eva Veiga

Poeta e xornalista



“Porque a información local fala de nós, é a que realmente nos interesa. E porque dá conta magnífica do que acontece en todos os ámbitos de Ferrolterra, contribuíndo así a crear unha cultura viva, coidamos imprescindible a revista AÍ e desexámoslle outras duascenas edicións. Grazas e parabéns”

José Prieto

Dramaturgo e actor



“200 veces grazas polos 200 números de AÍ. Unha revista moi ben traballada, incuestionablemente útil e eu diría que imprescindible. Unha especie única que non debe extinguirse nunca porque xa é parte de nós. Coidemos o que temos porque tamén é o que somos, por favor”



Xesús Fraga

Premio Nacional de Literatura

“En Galicia xa sabemos que a esperanza de vida de non poucos proxectos arredor da cultura é exígua. Xa que logo, parabéns para AÍ por chegar aos 200! E parabéns ao equipo por manter co seu traballo o espírito ilustrado e aberto acorde cos mellores intras da historia da cidade”.



Chelo Loureiro

Produtora de cine

Unha cidade que non sexa capaz de apoiar unha revista cultural é unha cidade maioritariamente inculta. Ferrol non o é e por iso podemos celebrar o número 200 da revista AÍ así como os seus 16 anos de traballo. Só espero poder celebrar o número 500 desta revista cultural que non pode deixar de formar parte da nosa cidade!”

Fernando Fernández Rego e Sergio Sequeiro

Ferror Records



Parabéns por estes 200 números! Longa vida á revista Aí, totalmente necesaria e imprescindible. Un escaparate da cultura e as artes en Ferrolterra. Todo medre!



Martín Varela

Xestor cultural e ilusionista

Co desexo de que Aí sempre siga aí
Aí onde hai cultura
Aí onde hai música
Aí onde hai maxia
Parabéns polos 200 números

Alberto Gracia

Director de cine

“Se non se coída a cultura dun lugar ese lugar desaparece e é engulido pola nada, porque dela e só dela dependen as formas do futuro. A cultura dun lugar é o que permite seguir soñando. A existencia dunha revista cultural como AÍ é unha boa noticia para unha sociedade sá”



Vicente Araguas

Escritor

“A revista AÍ cumpre 200 números de información local como mostra de liberalidade intelixente. A prensa do presente/futuro será local conectada co mundo ou non será. Parabéns a este esforzo xeneroso feito desde Ferrol e comarca para ter unha revista cultural tan ben feita!”



Xosé Manuel Pereiro

Xornalista, músico, codirector da revista LUZES

“A mostra de que Ferrol, a súa cultura, a súa creatividade, a súa mellor xente, está vida e puxante – por moito que en ocasións no resto de Galicia e do mundo se ignore ou se negué- chégame puntualmente cada mes ao Whatsapp: AÍ. Aí está o mérito da aposta pola calidade, pola supervivencia do que paga a pena. Aí está o xornalismo cultural que se necesita”.



ESTREA DO MES: 21 DE FEBREIRO

AÚN ESTOY AQUÍ

Walter Salles



O pasado mes de setembro, *Aún estoy aquí*, presentábase no Festival de Venecia entusiasmando a crítica e público e alzándose co Premio ao Mellor Guión, o primeiro de moitos galardóns que o filme recibiu, ademais de tres candidaturas aos Oscars. Baseada nas memorias de Marcelo Rubens Paiva, a trama retrata unha parte da historia máis descoñecida do Brasil dos anos 70, momento no que o país se enfrenta a unha ditadura cada vez máis severa. A historia do filme era algo persoal para o seu director, Walter Salles: “Coñecía a esta familia e fun amigo dos nenos Paiva. A súa casa segue gravada na miña memoria (...) A casa Paiva, como o cinema, fíxome comprender que o mundo era moito máis grande do que podía imaxinar.” E engade: “Co tempo, deime conta de que a

historia da familia Paiva era a historia do soño roto dun país.” A súa protagonista, Fernanda Torres, recollía hai uns días o Globo de Ouro á Mellor Actriz Protagonista en Drama. Fernanda, unha das maiores artistas brasileiras da súa xeración, dá vida a Eunice, a nai coraxe da familia Paiva. A actriz comparte o papel coa súa nai, a grande Fernanda Montenegro, quen aparece como unha Eunice xa maior. A ela dedicáballe hai uns días o seu Globo de Ouro, premio ao que Montenegro tamén optou 25 anos atrás, por outro filme de Salles, *Estación Central de Brasil*. Desde a súa estrea en Brasil o pasado novembro, *Aún estoy aquí* emocionou a máis de 3.000.000 espectadores, converténdose nun das mellores estreas da súa historia.

Walter Salles

O brasileiro Walter Salles é un dos directores de maior prestixio internacional do seu país. O seu filme *Estación Central de Brasil* (1998) recibiu o Oso de Ouro e o premio á Mellor Actriz na Berlinale. Con *Diarios de motocicleta* (2005), un filme sobre a viaxe de 1952 de Ernesto “Che” Guevara, Salles recibiu dúas candidaturas aos Oscar e gañou o BAFTA á Mellor Filme de fala non inglesa. *Línea de pase* (2008), coescrita e dirixida por Salles y Daniela Thomas, gañou a Palma de Ouro á Mellor Actriz para Sandra Corveloni no Festival de Cannes. En 2009, Salles recibiu o Premio Robert Bresson no Festival de Venecia pola súa obra.

Vertigo Films (extracto)

07 FEBREIRO

LA RED FANTASMA
Jonathan Millet

2024 | FRANCIA | 106' | ÁRABE E MÁIS | +12



Hamid, un profesor sirio no exilio, forma parte dun grupo secreto que persegue aos dirixentes fuxitivos do réxime. A súa misión lévalle a Francia tras a pista do seu antigo torturador. A vinganza coa que leva anos obsesionado está a un só paso. Baseada en feitos reais.

“Un thriller cheo de tensión e cunha magnífica interpretación sobre os exiliados sirios en Francia”

The Hollywood Reporter

14 FEBREIRO

VERMIGLIO
Maura Delpero

2024 | ITALIA | 119' | ITALIANO



Finais da Segunda Guerra Mundial en Vermiglio, un remoto lugar nos Alpes italianos. A chegada dun soldado desertor á aldea vai marcar un antes e un despois na vida dos seus habitantes, especialmente na familia do mestre, que verá como cada un dos seus membros se dirixe a un destino inesperado.

Venecia 2024 (Gran Premio do Xurado)

“Unha epopea íntima de milagroso rigor e contención” Variety

LA TUTORÍA

Halfdan Ullmann Tøndel

2024 | NORUEGA | 117' | NORUEGUÉS | +12



Armand, un neno de 6 anos, é acusado de traspasar certos límites co seu compañeiro de clase Jon. Ninguén sabe exactamente o que sucedeu, así que a dirección do colexio convoca aos pais para discutir o tema, desencadeando un axitado conflito que porá sobre a mesa cuestións como a sexualidade na infancia, a culpabilidade ou a complexidade das zonas grises que existen entre a violencia e o xogo.

Cannes 2024 (Mellor Ópera Prima)

“Unha homenaxe aos poderosos personaxes femininos de Bergman e Cassavetes: os que bailan mentres o mundo se desmorona ao seu redor.” The Film Stage

21 FEBREIRO

AÚN ESTOY AQUÍ
Walter Salles

2024 | BRASIL | 136' | PORTUGUÉS | +12



Baseada nas memorias de Marcelo Rubens Paiva. Unha nai de familia vese obrigada a participar no activismo político cando o seu marido, o deputado esquerdista Rubens Paiva, é capturado polo réxime durante a Ditadura militar de Brasil en 1971.

“Un filme apaixonante, profundamente conmovedor” The Hollywood Reporter

PADDINGTON: AVENTURA EN LA SELVA

Douglas Wilson

2024 | REINO UNIDO | 106' | INGLÉS



Paddington e a familia Brown visitan á tía Lucy en Perú, pero un misterio envíaos á selva amazónica e ás montañas peruanas.

28 FEBREIRO

MI ÚNICA FAMILIA
Mike Leigh

2023 | REINO UNIDO | 97' | INGLÉS



Para Pansy (Marianne Jean-Baptiste) a vida é unha loita constante, con ela mesma e co resto do mundo: discute coa súa familia, co seu dentista, coa caixeira do supermercado... O seu marido Curtley hai tempo que se rendeu no intento de comprendela, mentres que o seu fillo Moses vive inmerso no seu mundo. A través da comprensión e agarimo da súa irmá Chantelle, coa que parece que non ten nada en común, Pansy comeza a atopar unha nova maneira de estar no mundo.

San Sebastián 2024 (sección oficial)

“Mike Leigh conmove cun demolidor retrato da depresión e a cotiandade da clase obreira (...) brillante interpretación de Marianne Jean-Baptiste” Cadena SER

Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 4 ÁS 20:00

DAHOMEY

Mati Diop

2024 | SENEGAL | 67' | FRANCÉS | TP



É novembro de 2021 e 26 tesouros reais do Reino de Dahomey están a piques de abandonar París para regresar ao seu país de orixe, a actual República de Benín. Xunto con outros miles, estes obxectos foron saqueados polas tropas coloniais francesas en 1892. Que actitude adoptar ante a volta destas reliquias? O debate está aberto entre os estudantes de Abomey-Calavi.

Berlinalde 2024 (Oso de Ouro a Mellor Filme)

“Unha lección de historia audaz e inesquecible” Indiewire

MAR 18 ÁS 17:30

OBJETO DE ESTUDIO

Raúl Alaejos

2024 | ESPAÑA | 61' | INGLÉS | TP

A sombra do obxectivismo antropolóxico persegue a un torpe director que experimenta metodolóxica e formalmente ao redor do acto obsceno de rodar poboacións nativas na localidade máis setentrional. Alí, Robert Peary, explorador norteamericano, pensou hai máis de 100 anos que a única maneira de que un ser humano alcanzase o Polo Norte sería ter fillos con inuits para crear unha super-raza



que axuntase a fortaleza esquimal e a clarividencia do occidental. Tras os pasos desta extravagante teoría camiña este ensaio filmico en busca desa super-raza. “Antropoloxia, ensaio filmico e cinema de exploradores con humor ao Buster Keaton” Días de Cine

PRESENTACIÓN E COLOQUIO CO DIRECTOR

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.

CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

DOM 9 E DOM 23

SALVAJES

Claude Barras

2024 | SUÍZA | 87' | VE | +7



En Borneo, no límite da gran selva tropical, Keria acolle a un bebé orangután. Xunto ao seu curmán, Keira loitará contra a destrución do bosque.

Sitges 2024 (Sección Anima't)

“Combina o atractivo estilo e a conmovedora carga emocional de ‘Ma Vie De Courgette’ cunha urxente mensaxe ecolóxica” Screendaily

DOM 16

ZORRO Y LIEBRE SALVAN EL BOSQUE

Mascha Halberstad

2024 | HOLANDA | 70' | VE | +5

Zorro e Liebre fan unha festa cos seus amigos Crista, Pingüi, Jack, Foca, Sirena e Búho. Despois da festa, Búho volve á súa árbore para facer a súa quenda de vixilancia coma cada noite e decátase de que



a árbore está rodeada de fíos de auga. Asústase e métese no bosque, moi dentro. Os seus amigos búscano pero, de súpeto, descobre un lago que non coñecían. De onde saíu toda esa auga?

Berlinalde 2024 (Generation KPlus)

Tempada de Ópera

XOV 27 ÁS 19:30 (reposición)

EL LAGO DE LOS CISNES

Martin Georgiev

210' CON DOUS DESCANSOS

MÚSICA: PIOTR ILICH CHAIKOVSKI |
COREOGRAFÍA: LIAM SCARLETT (ORIXINAL DE
MARIUS PETIPA E LEV IVANOV)

ROYAL BALLET & OPERA de
Londres



Durante unha cacería, o Príncipe Sigfrido atópase cunha bandada de cisnes. Un deles transfórmase nunha fermosa muller, Odette, da que o príncipe se namora ao instante. Porén, Odette é vítima dun esconxuro que a mantén cativa en forma de cisne durante o día. Conseguirá Sigfrido liberalala do feitoz?

Entradas: 15 € | 12€ para socias/ os da Filarmonía Ferrolana

FOCO David Lynch

TREN DE SOMBRAS

XOV 6 ÁS 19:45

CABEZA BORRADORA

1977 | EUA | 86' | INGLÉS | +12



Cando Henry Spencer é convidado a cear a casa da súa amiga Mary, decátase de que foi pai dun bebe prematuro e inhumano.

Esta primeira longametraxe de David Lynch incorpora elementos procedentes da ciencia ficción e o pesadelo, fiel reflexo do estilo que o realizador desenvolveu nas súas obras posteriores.

“Segue sendo unha obra asombrosa que simplemente redefine o que unha longametraxe pode conseguir” rogerebert.com

Entradas ao prezo habitual.

XOV 13 ÁS 19:45

EL HOMBRE ELEFANTE

1980 | EUA | 125' | INGLÉS | +12



A finais do século XIX, o doutor Frederick Treves descobre nun circo a un home chamado John Merrick. Trátase dun cidadá británico coa cabeza monstruosamente deformada, que vive nunha situación de constante humillación e sufrimento ao ser exhibido diariamente como unha atracción de feira.

Oito candidaturas aos Oscar

“Xenerosa, clásica, belísimo filme” El Mundo

Entradas ao prezo habitual.

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com



Travesía Moreno 3, Ferrol
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO


De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinala o contrario.

Co financiamento de:



Facemos parte de:



NOVELA HISTÓRICA

PRESENTE

PACO CERDÁ | EDITORIAL ALFAGUARA | 328 PÁX. | **19,85 €**

MEDRANDO DESDE AS SÚAS OBRA “EL PEÓN” E “14 DE ABRIL”, O ESCRITOR PACO CERDÁ CONTRAPÓN GRANDES FEITOS DA HISTORIA FRONTE A PERSONAXES DO COMÚN QUE PADECEN E SOFREN AS CONSECUENCIAS.

Neste destilado de memoria histórica o xornalista levantino acada a súa obra mestra con “Presentes”, unha descrición da alucinada viaxe do corpo de José Antonio Primo de Rivera, fundador da Falanxe, ao longo de once xornadas do mes de novembro de 1939 desde Alicante, onde fora fusilado ao comezo da guerra civil, ata o mosteiro do Escorial. Un traslado a pé do seu cadáver por unha España que lle metía polos ollos á outra España quen eran os novos amos. Unha posta en escena tétrica na que as novas autoridades converten en mito e ideólogo do réxime de Franco a un señorito que apenas acadara 40.000 votos nas últimas eleccións democráticas. Un Franco a quen en vida José Antonio non fora do seu agrado pero utiliza xa morto para os seus intereses. Canda esta historia viva, dúcias de relatos desa outra realidade menos maquillada, dos escritores e cidadáns exiliados, dos fuxidos e agochados, dos humillados e fusilados, cun rigor histórico brutal ao redor dese ano 1939 no que a guerra continuou como venganza e houbo de todo menos progreso e reconciliación. Un traballo soberbio, necesario.

NOVELA POLICIACA

ASASINATO NA CASA ROSA

ARANTZA PORTABALES | EDITORIAL GALAXIA | 416 PÁX. | **20,90 €**

A escritora Arantza Portabales está a facerse un oco no panorana da narrativa policiaca tanto en galego como en castelán. O seu ciclo de novelas centrado no inspector Abad e a subinspectora Barroso deriva agora noutra parella, os inspectores Santaclara e Araújo que inician con esta “Asasinato na casa rosa” unha nova serie, “Os crimes de Loeiro”, ambientada nas Rías Baixas. Co dominio da intriga que ten amosado Portabales, aquí o misterio vén do entorno familiar dos Villamor e un par de crimes relacionados coa residencia á que fai referencia o título.

ENSAIO

AS HORAS MORTAS. VIAXES E CONVERSAS POR CEMITERIOS GALEGOS

EMMA PEDREIRA | BAÍA EDICIÓNS | 416 PÁX. | **28 €**

Percorrendo cemiterios indianos, protestantes ou os de toda a vida, a escritora Emma Pedreira mergúllase nunha ampla reflexión persoal e cultural sobre o significado das necrópoles novas e velhas, cheas e baleiras. E faino acompañada de xente como Xurxo Souto, Juan Tallón ou Olga Novo entre outra para falar de lendas e historias reais destes lugares que na nosa literatura, a diferenza doutras, non tiveran demasiada fortuna. Semella que con este paseo Pedreira comeza a reparar unha carencia sorprendente nun país que tanto lembra e ten presente aos seus mortos.

DELICIAS SONORAS



TODO EL LARGO VERANO ALGUNOS CABOS SUELTOS

Cunha variada nónima de músicos, a banda ferrolá Todo el Largo Verano (TLV) edita en Ferror Records este “Algunos cabos sueltos”, compilado en castelán e galego de pezas feitas entre 2017 e 2024. Son once temas que a pesar dos anos transcorridos entre algúns deles amosan gran coherencia sonora. Estilos diferentes que van desde a psicodelia lisérxica, o folk tradicional ou o power pop nun traballo de ourivería sonora facturado a lume lento en RSSstudios. Ademais de produci-lo, moitas das cancións son obra de Alberto Amigo, aínda que se inclúen mesturas diferentes de temas como o “Para che falar de amor” de Andrés Dobarro, e homenaxes a artistas dos que TLV ten débedas sonoras. Aí están os Brincos (“Es como un sueño”), a excelente versión dos Beach Boys do imbatible “God only knows” -aquí en galego como “(Non sei) que faría sen ti”-, a insólita neste contexto pop “Al olivo”, interpretada por Carolina Rodríguez ou “Me eligió a mí”, versión da peza de Harry Nilsson da película “Popeye” de Robert Altman. Todo un caramelo sonoro.



INFIERNO DE DANTE QUIZÁ MAÑANA

Descoñecéndoos todo da escena musical de Costa Rica, sorprendeunos o debut discográfico do septeto Infierno de Dante con “Quizá mañana”. Unha banda nova que o xoga todo a unha psicodelia lánquida de pasaxes abertos pero de melodías concretas. Con excelentes críticas en xeral (tamén hai quen os define como “psicodelia de boutique”) está composto por oito cancións que mesturan aventuras sesenteiras na beira do progresivo con guitarras de garaxe rock retorcidas e delicadeza ambiental con paredes de son “shoegaze” e unha paleta sonora que podería recoller influencias de Santana, os primeiros Pink Floyd ou My Bloody Valentine. Centrándonos nos temas, destacan a viaxe lisérxica do corte “Benadryl”, a felicidade dionisiaca de “Inseguridad”, o lamento retorto que é “Dolor” e desde o groove case brit-pop de “Valle De Sol” ata o blues himno da canción final, “Alajuela Blues”. Un álbum mercurial e “psilocibico” ideal para unha cerimonia de iniciación nun culto precolombino en plena selva vestindo unha camiseta coa faciana de Syd Barrett.



BANDA SONORA A COMPLETE UNKNOWN (2024)

O primeiro, facer un acto de contrición. Do mesmo xeito que non sentimos demasiada simpatía polo actor Timothée Chalamet, non toca outra que recoñecer que o traballo musical imitando a Bob Dylan na banda sonora de “A complete unknow” é moi bo. A cinta biográfica sobre o xenio de Duluth que se estreará en España o 28 de febreiro ten unha banda sonora con 23 cancións das que 17 están interpretadas con convicción por Chalamet, desde a furiosa “Like a Rollin Stone” ata a devastadora “A Hard Rain’s A-Gonna Fall”, desde a visionaria “The Times They Are A-Changin’” ata a rabiosa “Subterranean Homesick Blues”. Canda o actor cantante tamén aparece a súa compañeira Mónica Barbaro, que fai de Joan Baez e que tamén amosa as súas habilidades vocais, así como Edward Norton, que interpreta a Pete Seeger, ou Boyd Holbrook que fai de Johnny Cash. Actores cantantes que cumpren con nota a súa faceta musical. Só queda esperar a ver o biopic sobre o premio Nobel de literatura máis folki e roqueiro que vén de dirixir James Mangold. O aperitivo musical promete.

Pintura

SIMULTÁNEA: O OBXECTO CONTEMPORÁNEO E DOMÉSTICO

ATA O 01/03/25

AFUNDACIÓN (FERROL)



DE LUNS A VENRES: 17.00 A 20.00 H. SÁBADOS: DE 11.00 A 14.00 HORAS. E DE 17.00 A 19.00 HORAS. DOMINGOS PECHADO

Co gallo de cumprir 10 anos de traxectoria, Afundación presenta exposicións simultáneas nas sete cidades galegas. Na sede de Ferrol, exploran como nunca antes a Colección de Arte Afundación nun minucioso traballo baixo o título “O obxecto contemporáneo e doméstico”, que analiza o eido íntimo e familiar do ser humano, parándose na vida diaria e a intimidade a través de elementos cotiáns. O obxecto foi o protagonista do xénero do bodegón, e nesta exposición abórdase o obxecto desde unha perspectiva contemporánea —todas as obras pertencen aos séculos XX e XXI—. O doméstico non é só un espazo físico, senón un conxunto de relacións, funcións e desexos que habitan nos fogares e definen os seus habitantes, e de aí que algúns artistas recorran a el para representar as súas experiencias persoais.

Unha nómina de corenta e nove artistas, entre eles, Luís Seoane, Caruncho, Tino Grandío, Alfonso Abelenda, Carlos Maside, Xaime Quesada e os ferroláns e Segura Torrella, Jorge Llorca e Loureiro.

Colectiva

A QUE ME REFIRO CANDO FALO DE CORPO

ATA O 15/03/25

SARAO STUDIO (FERROL)



DE LUNS A XOVES: 10.00 A 18.00 H. VENRES: 12.00 H A 20.00 H. SÁBADOS: DE 10.00 A 14.00 HORAS. DOMINGOS PECHADO

Esta mostra colectiva de obra inédita comisariada por Cora Novoa explora as múltiples formas de entender e experimentar o corpo desde distintas perspectivas artísticas. “A que me refiro cando falo de corpo? Existe algunha forma de non implicalo? Que é e como se vive a súa experiencia? Que significa o corpo en relación a outros, e que son outros corpos?”. Partindo destas preguntas, Novoa reuniu a un grupo diverso de artistas —Adrián G. Salgueiro, Álvaro Chior, Ana Xesto, Andrea Dávila Rubio, Ángel Arias, Mourae, Carlos Fer, Eva Antelo, Lara e Noa Castro, Pablo Agma, Raquel Álvarez, Taro e Uxía González— para reflexionar colectivamente sobre o corpo como espazo, concepto e experiencia. A exposición convértese tamén nun punto de reencontro para estes creadores, moitos dos cales forman parte da diáspora galega. Xa sexa fisicamente ou a través da súa obra, regresan a Galicia para contribuír a este diálogo artístico que interroga e celebra ao corpo.

FEBREIRO

01 sábado

PREMIOS

19.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

GALA YOUTUBEIRAS +

TEATRO

20.30 h Auditorio.

ROBERTO VILAR:
CONTINUATION

MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

DJ OCCY, VANSON, WILL,
RUBI

02 domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

ROSALÍA, A PULGA QUE
ESCRIBÍA

05 mércores

ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

IL TROVATORE

06 xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA
DE GALICIA

07 venres

PRESENTACIÓN

19.30 h Fundação Artábria.
Ferrol.

FEMINISMOS NO TEMPO:
GALEGAS

MÚSICA

21.00 h Auditorio. Ferrol.

ARA MALIKIAN



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

SR. SALVAJE

08 sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guión.
Pontedeume.

SU GARRIDO

TEATRO MUSICAL

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

MANGORETÉ

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LOS SAXOS DEL AVERNO

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

CORA VELASCO

09 domingo

INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

BULEBULE

14 venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LOS LUNES AL SOL

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

ROGER DE FLOR

15 sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

GUERRA

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ALMA EN CUBA: IVÁN
"MELÓN" LEWIS E ARIEL
BRÍNGUEZ

16 domingo

MÚSICA

22.00 h Fundação Artábria.
Ferrol.

RUXE RUXE

MÚSICA

00.30 h asdfafda.

ASDFADFF

20 xoves

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MARCO MEZQUIDA &
CHICUELO

21 venres

INFANTIL

18.30 h Fundação Arábria.
Ferrol.

PETER PUNK: PEOR
IMPOSIBLE

22 sábado

TEATRO E MALABARES

18.30 h Auditorio Municipal.
Cedeira.

MOLTO BARROCO

ÓPERA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

RIGOLETTO

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

TIGRE Y DIAMANTE

28 venres

PRESENTACIÓN

20.00 h Fundação Arábria.
Ferrol.

"PASSAMONTANHAS", DE
SÉCHU SENDE

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

FESTIVAL EN CLAVE
FERROLÁ

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

TON RISCO E MARGOS
TEIRA

Nº 200
ANO XVIII

EDITA:

ee | edicions embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN Y COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia






Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción



Deputación
DA CORUÑA

 turismo.dacoruna.gal
 @DACTurismo
 Turismo da Deputación da Coruña
 Dacturismo